

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SOBRADO
Edificio	Igrexa de San Lourenzo de Carelle
Dirección	Lugar da Igrexa, 2. 15814
	43.01758843946406 -8.061122166147557
Protección	
Descrición	<p>Igrexa parroquial construída, segundo inscrición no chan da nave, no ano 1120, de estilo romántico .A igrexa de Carelle atópase alterado pola adición de novos espazos, que modificaron o volume orixinal, e pola reconstrución de parte dos muros románicos. A planta do edificio románico é dunha nave e ábsida rectangular; a primeira veuse transformada coa construción dunha capela lateral, aberta inmediata á capela ó muro norte, e ó leste da cabeceira construíuse unha sancristía á que se accede por unha porta practicada no testeiro. Asimesmo, parte dos muros orixinais románicos perdéronse; consérvanse case na súa totalidade na ábsida.</p> <p>Na fronte occidental, reconstruído, o campanario atópase desprazado e sobresaíndo da planta, ao norte. A pesares do considerable grado de alteración da fábrica románica de San Lourenzo de Carelle polas reformas posteriores, consérvanse un bo número de elementos que permiten establecer unha cronoloxía. Algúns deles de clara tradición románica, como son os arcos de medio punto dos vans, a organización da xanela da ábsida e do arco triunfal. Aparecen xunto a outros elementos que xa se aproximan aos presupostos cistercienses e incluso góticos, como son o apuntamento do arco triunfal, os capiteis con boa parte da cesta lisa e o motivo ornamental das puntas de diamante da xanela oriental.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.romanicodigital.com
Data	11-08-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá menor (1)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1941	60	125

Espadana	Campá maior (2)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1941	80	296
----------	---------------------------------	---	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de San Lourenzo de Carelle - SOBRADO \(GALICIA\)](#)

PDF (13-06-2026)